



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

**OFICIO**  
COM/S/exp. C5-14

Achego anuncio relativo ó alleamento mediante compravenda polo procedemento aberto e forma de poxa pública á alza como chatarra de diversos vehículos municipais (2014) para a súa publicación no B.O.P, a fin de que sexa publicado á maior brevedade.

Bueu, 25 de abril do 2014  
O alcalde

Félix Juncal Novas

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

PONTEVEDRA



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VICENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

**ANUNCIO POLO QUE SE PUBLICA A LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO MEDIANTE COMPRAVENDA COMO CHATARRA, DE DIVERSOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS (2014)**

**1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

Organismo: Concello de Bueu. Órgano de Contratación: Xunta de Goberno Local. Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación do Departamento de Secretaría.

**2. OBXETO DO CONTRATO**

Venda mediante compravenda como chatarra dos vehículos de propiedade municipal que se describen no Anexo I do prego.

**3. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO**

Mediante licitación pública aberta, cun único criterio de adxudicación: o prezo base de licitación á alza (poxa pública), consonte o disposto nos arts. 80 do Real decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 277.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e 138, 150 e concordantes do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).

**4. TIPO DE LICITACIÓN E IMPORTE DA ADXUDICACIÓN**

Sínalase como tipo de licitación para este contrato 2080 euros, que inclúe a valoración como chatarra dos vehículos, de acordo co informe técnico emitido no senso detaiado no anexo I do presente prego.

No prezo non se inclúe os tributos que legalmente se teñan que aboar.

En todo caso estarase ó disposto na cláusula 4º do Prego

**5. GARANTÍAS**

Non se esixe garantía provisional nen definitiva (cláusula 5ª do prego)

**6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**

a) Perfil do contratante: [www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org)

b) Entidade: Concello de Bueu

c) Enderezo: R. Eduardo Vicenti, núm. 08. Bueu (Pontevedra)

d) Teléfono: 986 390 029. Fax: 986 322 099

e) Aclaración do contido dos pregos e obtención documentación complementaria: Os interesados poderán obter documentación e información ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas e dirixir as súas dúbidas e consultas mediante correo electrónico dirixido á dirección [contratación@concellodebueu.org](mailto:contratación@concellodebueu.org), cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de proposicións.

**7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS**

Durante os 26 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de licitación no BOP

**8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

A sinalada na cláusula 7ª do Prego.

**9. LUGAR DE PRESENTACIÓN**

No Rexistro Xeral do concello sito na prata baixa da Casa Consistorial, en horas de oito a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados.

**10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Único criterio de adxudicación é o prezo (cláusula 10ª).

**11. GASTOS DO ANUNCIO**

A cargo do adxudicatario (cláusula 14ª)

Bueu, a 25 de abril de 2014, O alcalde, Félix Juncal Novas